



DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución idioma 1, I: Francés-Galego

Materia	Tradución idioma 1, I: Francés-Galego			
Código	V01G230V01311			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Luna Alonso, Ana			
Profesorado	Luna Alonso, Ana			
Correo-e	aluna@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia preséntalle ao alumnado un panorama textual amplo, de maneira que poida familiarizarse coas diferentes estruturas textuais dos textos redactados en Idioma I. O alumnado debe analizar dende o punto de vista estilístico contrastivo os textos producidos en Idioma I, e proceder á súa tradución en lingua A mediante os uso das técnicas e estratexias de tradución adquiridas nas prácticas de 1º ano de Grao. A materia de Tradución Idioma I centra a aprendizaxe na práctica de tradución de textos redactados en Idioma I cara á lingua do alumnado.			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C1	Dominio de linguas estranxeiras
C2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C8	Destreza para a procura de información/documentación
C17	Capacidade de tomar decisións
C18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
D1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
D2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
D4	Resolución de problemas
D7	Toma de decisións
D8	Compromiso ético e deontolóxico
D22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
COMPETENCIA LINGÜÍSTICA: dominar perfectamente as dúas linguas de traballo (francés-galego) tanto a nivel sintáctico, gramatical, morfolóxico, lexicolóxico, terminolóxico e fraseolóxico.	A1	C1	D1
SUBCOMPETENCIAS: coñecer tanto as diferenzas como as similitudes dos dous sistemas lingüísticos.	A2	C2	D2
	A3	C4	
	A4	C8	
		C17	
COMPETENCIA COMUNICATIVA E CULTURAL: Comprender textos redactados na lingua de partida.	A1	C2	D7
SUBCOMPETENCIA: Coñecer a historia e as culturas das dúas linguas co fin de entender perfectamente os textos así como dominar os mundos textuais das dúas culturas coas que se traballa, as distintas convencións sociais.	A2		
	A3		
	A4		
COMPETENCIA TEXTUAL: comprender a estrutura e os principios organizadores dun texto.	A1	C4	D4
SUBCOMPETENCIAS: coñecer os diferentes tipos de texto (literarios, publicitarios...) e as súas características (argumentativos, expositivos...)	A2		D22
	A3		
	A4		
COMPETENCIA TRADUTORA: saber traducir un texto sen interferencias. SUBCOMPETENCIAS:	A1	C4	D4
Identificar os participantes no proceso de tradución (autor, tradutor, lector...) e a función comunicativa do texto. Aprender a analizar textos con vistas á súa tradución. Coñecer as distintas técnicas e estratexias de tradución. Traducir textos non especializados. Identificar os problemas de tradución e aprender a resolvelos. Aprender a traballar con textos paralelos. Aprender a manexar as ferramentas básicas de tradución (procesadores de texto, Internet: dicionarios en liña...).	A2	C8	D7
Identificar problemas ortotipográficos e aprender as estratexias e normas para resolvelos.	A3	C17	D8
Comprender o papel do tradutor como mediador intercultural. Coñecer as normas de presentación de tradución. Coñecer o mercado laboral. Desenvolver habilidades de traballo en equipo e adquirir un compromiso deontolóxico.	A4	C18	
	A5		

Contidos

Tema	
1. Recursos e procedementos de tradución	1.1 Lectura 1.2 Busca de información-resolución de problemas 1.3 Tradución-Documentación 1.4 Revisión
2. Dicionarios e fontes de documentación	2.1 Fontes de documentación en formato papel. 2.2 Fontes de documentación en rede. 2.3 Localización de textos paralelos. 2.4 Identificación de tipoloxías textuais. 2.5 Identificación de modalidades de tradución.
3. Problemas de tradución específicos	3.1 Interferencias lingüísticas 3.2 Análise de erros comúns
4. Tradución de textos	4.1 Tradución á vista de textos divulgativos e pragmáticos. 4.2 Tradución escrita de textos non especializados. 4.3 Encargos que simulen o proceso de tradución profesional. 4.4 Valoración e argumentación da calidade no produto traducido.
5. A tradución en Galicia	5.1 Presentación e descrición dos textos traducidos en galego 5.2 O tradutor no seu contexto 5.3 Ética e responsabilidade do tradutor.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	6	14	20
Resolución de problemas de forma autónoma	26	48	74
Traballo tutelado	2	20	22
Presentación	4	10	14
Prácticas autónomas a través de TIC	2	10	12
Práctica de laboratorio	4	0	4
Probas de resposta curta	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición
Actividades introdutorias Neste apartado, a docente presentará a programación, explicando polo miúdo os contidos, os traballos que hai que realizar e comentará tamén as lecturas obrigatorias do curso, así como o sistema de avaliación

Lección maxistral	As 7 horas de sesións maxistrais destinaranse a presentar a situación da tradución en Galicia, así como o proceso tradutivo. Malia estaren no apartado de sesións maxistrais, as clases serán de índole participativo e sempre estarán apoiadas por un soporte práctico.
Resolución de problemas de forma autónoma	Neste bloque de 26 horas, realizaranse exercicios de tradución que tentarán reproducir situacións reais de traballo. Resolveranse problemas (dificultades de tradución) mediante exercicios aplicados vinculados cos contidos tratados nas sesións maxistrais.
Traballo tutelado	O alumnado deberá realizar un traballo sobre algunha das dificultades de tradución presentadas nas clases maxistrais (tradución de nomes, traducións de paremias, tradución de referencias culturais...), que será tutelado pola/o profesor/a. Durante as dúas horas presenciais dedicadas a este apartado, a docente explicará o procedemento e as normas de elaboración do traballo.
Presentación	Durante as 4 horas dedicadas a este apartado, o alumnado presentará o seu traballo en idioma I na clase.
Prácticas autónomas a través de TIC	Durante as prácticas autónomas a través de TIC, o alumnado coñecerá as bases de datos e fontes de documentación necesarias para a tradución de textos de índole xeral.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación	As sesións maxistrais, os debates, os traballos, proxectos, estudos de casos e maila resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. Tanto na aula como no foro e no intercambio de mensaxes electrónicas, o docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino. Incídese especialmente na calidade das titorías telemáticas, por constituíren un modelo de correspondencia que cumpre con normas de redacción escrita, obxectivo de aprendizaxe doutras materias do grao. Dado o contexto da saída de estudos (sesión en exterior, nun medio social, construído, etc.) as formas de interacción docente/estudiante son diferentes das convencionais, podéndose dar un diálogo eficaz con grupos máis pequenos, e permitindo que cadaquén dialogue con outros membros do grupo, ou mesmo coas persoas presentes no lugar.
Prácticas autónomas a través de TIC	As sesións maxistrais, os debates, os traballos, proxectos, estudos de casos e maila resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. Tanto na aula como no foro e no intercambio de mensaxes electrónicas, o docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino. Incídese especialmente na calidade das titorías telemáticas, por constituíren un modelo de correspondencia que cumpre con normas de redacción escrita, obxectivo de aprendizaxe doutras materias do grao. Dado o contexto da saída de estudos (sesión en exterior, nun medio social, construído, etc.) as formas de interacción docente/estudiante son diferentes das convencionais, podéndose dar un diálogo eficaz con grupos máis pequenos, e permitindo que cadaquén dialogue con outros membros do grupo, ou mesmo coas persoas presentes no lugar.
Traballo tutelado	As sesións maxistrais, os debates, os traballos, proxectos, estudos de casos e maila resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. Tanto na aula como no foro e no intercambio de mensaxes electrónicas, o docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino. Incídese especialmente na calidade das titorías telemáticas, por constituíren un modelo de correspondencia que cumpre con normas de redacción escrita, obxectivo de aprendizaxe doutras materias do grao. Dado o contexto da saída de estudos (sesión en exterior, nun medio social, construído, etc.) as formas de interacción docente/estudiante son diferentes das convencionais, podéndose dar un diálogo eficaz con grupos máis pequenos, e permitindo que cadaquén dialogue con outros membros do grupo, ou mesmo coas persoas presentes no lugar.
Probas	Descrición
Práctica de laboratorio	As sesións maxistrais, os debates, os traballos, proxectos, estudos de casos e maila resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. Tanto na aula como no foro e no intercambio de mensaxes electrónicas, o docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino. Incídese especialmente na calidade das titorías telemáticas, por constituíren un modelo de correspondencia que cumpre con normas de redacción escrita, obxectivo de aprendizaxe doutras materias do grao. Dado o contexto da saída de estudos (sesión en exterior, nun medio social, construído, etc.) as formas de interacción docente/estudiante son diferentes das convencionais, podéndose dar un diálogo eficaz con grupos máis pequenos, e permitindo que cadaquén dialogue con outros membros do grupo, ou mesmo coas persoas presentes no lugar.

Probas de resposta curta As sesións maxistras, os debates, os traballos, proxectos, estudos de casos e maila resolución de exercicios precisan unha atención personalizada que se exerce na aula e mais nas horas de titorías presenciais e telemáticas. Tanto na aula como no foro e no intercambio de mensaxes electrónicas, o docente tratará de sistematizar as dúbidas e as preguntas individuais e ofrecer respostas para o conxunto do grupo, de maneira que sexa posible garantir a igualdade de acceso á información e ao ensino. Incídese especialmente na calidade das titorías telemáticas, por constituíren un modelo de correspondencia que cumpre con normas de redacción escrita, obxectivo de aprendizaxe doutras materias do grao. Dado o contexto da saída de estudos (sesión en exterior, nun medio social, construído, etc.) as formas de interacción docente/estudante son diferentes das convencionais, podéndose dar un diálogo eficaz con grupos máis pequenos, e permitindo que cadaquén dialogue con outros membros do grupo, ou mesmo coas persoas presentes no lugar.

Avaliación				
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Lección maxistral	A avaliación das sesións maxistras permitirá coñecer a competencia acadada polo alumnado no referente aos conceptos teóricos da materia. Poderase avaliar o alumnado, ben mediante un exame, ben mediante a encomenda de resumos ou crítica de artigos.	10	A1 A2 A3 A4	C1
Resolución de problemas de forma autónoma	Neste apartado avaliaranse todo tipo de exercicios relacionados coa competencia lingüística e tradutora. Poderán ser exercicios que traten de dificultades de tradución, análise de tradución... Terase especialmente en conta a calidade lingüística dos textos producidos polo alumnado tanto escritos como orais.	30	A1 A2 A3 A4	C1 C4 C18
Presentación	O alumnado deberá presentar oralmente en idioma I, e de xeito individual o traballo encomendado a comezos de curso.	15	A1 A2 A3 A4	C1 C2 C4 D7 D8
Práctica de laboratorio	Neste apartado, entrugaránselle ao alumnado textos para seren traducidos que tenten simular situacións reais de traballo.	35	A1 A2 A3 A4	C1 C2 C4 C17 D1 D2
Probas de resposta curta	O alumnado deberá ler un libro obrigatorio en idioma I (cf. bibliografía) que será avaliado cunha proba de resposta curta	10	A1 A2 A3 A4	C1 C2 D1 D2

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado que siga o curso poderá acollerse ao sistema de avaliación continua. O que non cumpra coa entrega das tarefas nos prazos marcados pasará automaticamente á avaliación única e deberá presentarse ao exame final.

En caso de ter suspensa algunha proba, terá que recuperala(s) na convocatoria final. O prazo de entrega do traballo será o a última semana de novembro de 2018. As datas das restantes probas indicaranse ao principio de curso. O que suspenda na convocatoria final, terá que avaliarse de todos os contidos da materia na convocatoria de xullo.

O alumnado que non siga a avaliación continua, deberá realizar un exame final (avaliación única) sobre todos os contidos da materia especificados no apartado CONTIDOS da guía docente. A data oficial de exame para o alumnado de avaliación única será a data establecida no calendario de exames aprobado en Xunta da FFT. O exame consistirá na realización dunha tradución comentada do francés ao galego dun texto de 400 palabras aproximadamente. As faltas de ortografía penalizaranse con 0.25 erro. O que suspenda na convocatoria de decembro, terá que avaliarse de todos os contidos da materia en xullo de 2019.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

VV.AA., **Gran diccionario Cumio da Lingua Galega**, Edicións do Cumio, 2004

VV.AA., **Diccionario Xerais da Lingua Galega**, Edicións Xerais de Galicia, 2005

VV.AA (en rede), **Diccionario da Real Academia Galega**, RAG, 2017

VV.AA (en rede), **Diccionario de Galego**, Xunta de Galicia, 2017

VV.AA (en rede), **Buscatermos**, Xunta de Galicia, 2016

VV.AA (en rede), **Dictionnaire Français Larousse**, Larousse, 2017

VV.AA (en rede), **Dictionnaire de l'Académie française, neuvième édition Version informatisée**, Atilf, 2017

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 1, II: Francés-Galego/V01G230V01504

Tradución idioma 1, III: Francés-Galego/V01G230V01607

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Idioma moderno: Idioma 1, III: Francés/V01G230V01304
